

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE MELIDE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE MELIDE.

En Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación de este último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Doutra parte, **D^a Dalia García Couso**, actuando en nome e representación do Concello de Melide, en virtude da súa condición de Alcaldesa – Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 61.1 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade xurídica para outorgar o presente convenio, e para iso,

EXPOÑEN

Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario construír un novo centro de saúde no Concello de Melide.

Conscientes da dita necesidade as partes intervinientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción no municipio de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita cooperación.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre o Concello de Melide e o Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo centro de saúde no municipio.

Segunda. Que o Concello de Melide comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Servizo Galego de Saúde dunha parcela libre de cargas e gravames, sen ningunha reserva, coa clasificación de uso sanitario e comprométese a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do novo centro.

Terceira. De acordo co anterior e co fin de tramitar a cesión da propiedade da parcela, o Concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

- Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde a parcela, indicando referencia catastral.

- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Certificación do rexistro de propiedade de titularidade, con indicación de que os bens a transferir teñen carácter patrimonial e situación de cargas e gravames.
- Certificado catastral.

Posteriormente, e previa autorización do Consello da Xunta, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do Concello no suposto de que o inmovible a construír deixara de prestar servizo como Centro de Saúde.

Cuarta. O Concello de Melide asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela do centro de saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumeado, telefonía, aparcamento, etc. Estas infraestruturas deberán estar realizadas á entrada en funcionamento do centro de saúde.

Quinta. O Concello de Melide comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmoables, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan cos servizos que se prestan de xeito continuado.

Sexta. O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non obstante, o Concello de Melide comprométese a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, concretamente apartado

2.a) cando recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Sétima. O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.

Oitava. Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes , nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Novena. O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo.

Décima. O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución deste e, no seu caso, a indemnización dos danos e perdas causados.

Undécima. Este Convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de

calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Así queda redactado o presente Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POLO CONCELLO DE MELIDE

D. Jesús Vázquez Almuiña

D^a Dalia García Couso